



# Proxecto lingüístico

2019-2023

CEIP AGRO DO MUÍÑO

Ames

*Negra sombra - Rosalía de Castro*

*Cando penso que te fuches,  
negra sombra que me asombros,  
ó pé dos meus cabezales  
tornas facéndome mofo.*

*Cando maxino que es ida,  
ño mesmo sol te me amostras,  
i eres a estrela que brilla,  
i eres o vento que zoa.*

*Si cantan, es ti que cantas,  
si choran, es ti que choras,  
i es o marmurio do río  
i es a noite i es a aurora.*

*En todo estás e ti es todo,  
pra min i en min mesma moras,  
nin me abandonarás nunca,  
sombra que sempre me asombros.*

*Follas Novas -1880*



*Cuando pienso que te fuiste,  
negra sombra que me asombros,  
a los pies de mis cabezales,  
tornas faciéndome mofo.*

*Cuando imagino que te has ido,  
en el mismo sol te me muestras,  
y eres la estrella que brilla,  
y eres el viento que zumba.*

*Si cantan, eres tú que cantas,  
si lloran, eres tú que lloras,  
y eres el murmullo del río  
y eres la noche y eres la aurora.*

*En todo estás y tú eres todo,  
para mí y en mi misma moras,  
ni me abandonarás nunca,  
sombra que siempre me asombros.*

*Traducción - Mónica B. Suárez Groba*

## ÍNDICE

1-	INTRODUCCIÓN .....	1
2-	MARCO LEGAL.....	2
3-	PUNTO DE PARTIDA:.....	3
3.1-	Análise sobre a realidade sociodemográfica, lingüística e cultural da contorna na que se atopa o centro. ....	3
3.2-	Análise sobre a situación do idioma galego no centro con respecto ao seu uso nas actividades administrativas e lectivas.....	5
4-	OBXECTIVOS .....	8
4.1-	Contorno lingüístico do centro.....	9
4.2-	Ámbito lingüístico do centro. ....	9
4.3-	Ámbito do profesorado.....	9
4.4-	Ámbito do alumnado.....	10
4.5-	Ámbito das familias.....	11
5-	LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	12
6-	ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE EMPREGADAS PARA QUE O ALUMNADO DE EI ADQUIRA O COÑECEMENTO DAS DÚAS LINGUAS .....	15
7-	LINGUA NAS QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA. .	17
8-	MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN.....	17
9-	AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN. ....	19
10-	COMISIÓN DO PROFESORADO QUE ELABOROU O PROXECTO.....	19
11-	APROBACIÓN DO PROXECTO .....	20

## 1- INTRODUCCIÓN

No ano 2018 o CEIP Agro do Muíño en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega levamos a cabo un estudo da situación lingüística do centro partindo da necesidade de renovar o Proxecto Lingüístico (*Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo do ensino non universitario de Galicia*) e que nos servirá como punto de partida do mesmo, baseada en tres cuestionarios autoaplicados ao censo de familias, alumnado e profesorado.

Realizouse no 2º trimestre do ano cunha participación de máis do 90% na resposta das enquisas nos distintos destinatarios: a do alumnado de Primaria foi feita na aula, a do profesorado no centro e a das familias no fogar. Estas últimas eran logo recollidas polos distintos titores e entregados á dirección.

O problema xurdiu para analizar todos eses datos e darlles fiabilidade. Pedíuse axuda ao Concello e xunto coa Real Academia Galega, participaron na elaboración do estudo e posterior publicación e difusión do mesmo dándolle relevancia ao mesmo por non haber outros estudos de similares características na Comarca.

Nese documento, que se pode consultar no seguinte enlace [A LINGUA NO CEIP AGRO DO MUÍÑO](#), trátanse os seguintes obxectivos:

Contexto	Obxectivos xerais:
	Analizar prácticas lingüísticas familiares.
	Analizar actitudes lingüísticas xerais.
Familia	Estudar a transmisión lingüística interxeracional do galego.
	Obter unha serie de perfís lingüísticos familiares.
Alumnado	Presentar a lingua de aprendizaxe e lingua habitual en relación ao resto de Galicia.
	Afondar nas súas competencias lingüísticas en galego.
	Estudar as prácticas lingüísticas dos nenos e nenas no contexto familiar, escolar e próximo.
	Obter unha visión dos procesos de mudanza lingüística do alumnado do centro.
	Analizar as actitudes lingüísticas cara ao galego explícitas no alumnado.
	Afondar nas predisposicións motivacionais dos nenos bilingües e castelanfalantes.
	Obter unha serie de perfís lingüísticos en base as súas competencias, prácticas, actitudes e motivación lingüísticas.
Profesorado	Analizar as súas prácticas lingüísticas fóra e dentro do centro.
	Afondar no historial sociolingüístico do profesorado.
	Estudar as súas competencias lingüísticas en galego.
	Estudar as súas actitudes lingüísticas cara ao galego.

## 2- MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No curso 2015/2016 deixa de estar en vigor o D.130/2007.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

### **3- PUNTO DE PARTIDA:**

#### **3.1- Análise sobre a realidade sociodemográfica, lingüística e cultural da contorna na que se atopa o centro.**

O Colexio de Educación Infantil e Primaria Agro do Muíño é un centro de titularidade pública que está situado no lugar de As Cortes, na parroquia de Ortoño, pertencente ao concello de Ames.

Neste concello, xunto con diferentes parroquias de carácter rural, existen dous núcleos de poboación principais con características semiurbanas: Milladoiro e Bertamiráns.

O colexio Agro do Muíño atende a un sector de poboación ubicado na zona sur de Bertamiráns e nas parroquias de Ortoño (Lapido, Maguxe, O Instrumento, O Santo, Ortoñiño, A Igrexa, A Condomiña, A Tarroeira, Punxeiras Altas, Punxeiras Baixas, Sisalde e As Cortes), Bugallido (As Buceleiras, Guimaráns, Mourigade, O Outeiro, Quistiláns, Barreiro, Tarrío, Framán, Eirapedriña e Firmistáns) e nalgúns lugares de Biduído (Framil e Costoia).

Santiago é o referente principal de toda a zona, no que se refire a servizos administrativos e no ámbito económico. Con todo, Bertamiráns é unha vila que ten identidade propia, con recursos en ámbitos coma o lecer, asociacionismo etc., á vez que actúa como referente administrativo e económico para as aldeas limítrofes.

Nos últimos anos tense producido un importante incremento da poboación pola súa proximidade con Santiago xa que moitas familias elixen esta poboación para establecerse.

Ames conségrase como un dos Concellos con máis poboación nova da provincia da Coruña, dos que unha gran maioría dela están en idade de traballar e outra ampla maioría encádrase no grupo dos mozos, garantindo así o futuro demográfico do concello:

- Na franxa de 0 a 9 anos hai 1.232 persoas censadas (14,29% da poboación total)
- de 10 a 19 anos son 987 (11,45%); de 20 a 29 anos hai 716 (8,3%)
- de 30 a 39 anos están censadas 1.520 persoas (17,63%)
- de 40 a 49 hai 2.063 (23,93%)
- de 50 a 59 están rexistrados 1.136 (13,18%)
- de 60 a 99 figuran no censo a redor do 11%.

A finais do 2017 hai censados 31.333 habitantes (duplicándose dende o ano 2000) situando a idade media da poboación amesá en 38 anos.

#### POBOACIÓN ESTRANXEIRA

A poboación con nacionalidade estranxeira no Concello de Ames representa case o 6% do total. Desta cifra, o 58%, 921, son mulleres e o 42%, 671, son homes. Temos, logo, unha inmigración maioritariamente feminina. Resaltamos este dato, dado que as mulleres teñen un papel relevante na transmisión da lingua familiar.

O aumento de persoas procedentes de fóra do Estado español é tamén vertixinoso nos últimos anos, das 199 persoas con nacionalidade estranxeira do ano 2000 pasamos ás case 1.600 da actualidade.

En canto á procedencia:

- 1008 persoas proceden de países latinoamericanos;
- 427, da Unión Europea;
- 74, de África;
- 49 da Europa non comunitaria;
- 34 de Asia.

Por nacionalidades as maioritarias son Brasil, Portugal, Colombia, Arxentina e Venezuela. A este número hai que sumarlle as 799 persoas asentadas en Ames e procedentes doutras comunidades do Estado español.

En total, temos aproximadamente 2.400 persoas procedentes de culturas e de espazos lingüísticos diferentes do galego, unha cifra que supón case o 9% da poboación total. Na actualidade, contamos con persoas de **65 nacionalidades** procedentes dos catro continentes e cunhas **40 linguas** diferentes.

Esta realidade multicultural converte a Ames nun espazo privilexiado de intercambio cultural, unha interculturalidade que nos enriquece a todos e a todas.

Unha multiculturalidade que nós consideramos que pode e debe ter como nexos de unión a lingua galega.

### **3.2- Análise sobre a situación do idioma galego no centro con respecto ao seu uso nas actividades administrativas e lectivas.**

A Lingua Galega é a lingua oficial do centro, e polo tanto, todas as actuacións administrativas e educativas son en galego. A presenza do galego na vida do centro é continua, tratando de crear un clima estimulante de cara a utilización da lingua galega.

#### Nos documentos administrativos

A normalización do idioma galego neste campo é plena. Aténdese ao público en galego e emprégase o idioma de forma usual en todos os ámbitos e situacións. As convocatorias, citacións, certificados, documentos redactados para enviar ás familias e/ou a outras entidades do noso contorno social, como poden ser a correspondencia, os boletíns de cualificacións, outros comunicados e demais documentos académicos e oficiais están redactados en galego.

#### Na rotulación de espazos

Todo tipo de carteis, rótulos, letreiros... que existen no centro están redactados en idioma galego.

#### En canto ao alumnado

O CEIP Agro do Muíño conta no curso 2018-2019 cun total de 493 nenos e nenas. Debido ao aumento da poboación no Concello, isto tamén se reflicte no ámbito



escolar xa que, este centro está mudando de liña 2 a liña 3 para dar cabida ao alumnado que solicita praza.

Xa se rematou coa fase N° 1 de ampliación en 3 novas aulas (funcionando dende o curso 17-18) e foi aprobado no pleno do 27 de decembro de 2018 a ampliación da 2º fase en 6 aulas máis cos espazos educativos correspondentes.

En canto ao uso da lingua, ata o de agora no centro víñase observando dúas variables: o alumnado que utilizaba máis o galego e que procedía das zonas rurais que acolle o centro, e por un lado os fillos das familias que veñen de instalarse nas novas urbanizacións, os procedentes de Sudamérica e doutros países europeos que usan maioritariamente o castelán.

No últimos anos vaise detectando que esa realidade está mudando e se analizamos a pregunta que cada curso se fai ao alumnado de infantil de nova incorporación ao centro, xa observamos unha diminución de alumnado cuxa lingua materna sexa o galego.

<i>CURSO</i>	<i>GALEGO</i>	<i>CASTELÁN</i>	<i>GAL/CAST</i>	<i>OUTRAS</i>
<i>2016-2017</i>	16	27	7	
<i>2017-2018</i>	18	20	10	Asturiano e francés (2)
<i>2018-2019</i>	12	24	14	

Partindo do estudo sociolingüístico feito no ano 2018 conclúese, en canto ao alumnado, o seguinte:

Hai un claro desprazamento do galego polo castelán.

Chama a atención sobre a perda de transmisión xeracional familiar do idioma, mais tamén sobre o efecto da escolarización sobre a muda lingüística dos cativos e cativas galegofalantes cara ao castelán.



Os datos mostran que o proceso de substitución é maior neste centro que no resto da comarca de Santiago de Compostela, máis acusado incluso que no núcleo da cidade de Santiago, e a pesar de contar cun profesorado que adoita priorizar o galego no contexto educativo.

Preto de catro de cada dez familias de fillos/as galegofalantes contestaron que ao iniciaren a escolarización estes comezaron a falar máis castelán. A maioría (case o 64%) indicou que foi na segunda etapa de educación infantil (de 3 a 6 anos) onde se produciu esa muda, aínda que case un 20% sinalou que o cambio se remonta á primeira etapa da educación infantil, de 0 a 3 anos.

#### En canto ao profesorado

A maioría do profesorado destinado no centro na actualidade está en situación de destino definitivo, ofrecendo unha perspectiva de estabilidade e continuidade.

Lingüísticamente, o profesorado, aínda que non para todos sexa o galego a lingua habitual na que se expresa, no contexto educativo, ningún dos mestres amosa dificultade algunha á hora de utilizar a lingua galega na docencia ou noutras actividades escolares.

De feito, segundo o estudo feito, comparando a lingua fóra do contorno educativo e a lingua na escola, o galego está máis presente na escola que fóra dela. O uso habitual do galego dentro do centro por parte deste colectivo é do 70%.

A súa actitude cara o uso do galego é positiva colaborando e implicándose nas actividades que se levan a cabo.

#### En canto ás familias.

Hai un retroceso da presenza do idioma galego no contexto familiar, xeración tras xeración: da xeración dos avós, onde o uso do galego é maioritario, pasamos a uns proxenitores bilingües (uso próximo "as dúas") e chegamos, finalmente, aos fillos/as, onde a presenza do galego é minoritaria.

As familias consideran que os contextos de socialización secundarios comezan dende idades tan temperás que estes teñen unha gran influencia na adquisición da lingua inicial (ex. medios de comunicación, escola infantil, etapa de infantil etc.)

Un 36% das familias de fillos/as galegofalantes contestaron que ao entrar na escola comezou a falar máis castelán, indicando a maioría (63,9%) que foi a etapa de educación infantil onde se produciu esa muda.

Os perfís de familias máis afectadas foron as galegofalantes.

## CONCLUSIÓN

A lingua na que está aprendendo a falar a metade do alumnado de primaria do CEIP Agro do Muíño, é fundamentalmente o castelán. A presenza do galego como 1º lingua é escasa (un de cada dez), pola contra o perfil de bilingües é importante, aínda que menor que o perfil de castelanfalantes iniciais.

Un 40% das persoas que aprenderon a falar en galego acaban desprazando esta lingua polo castelán na súa vida cotiá.

O centro é un claro exemplo do desprazamento do galego polo castelán que está a suceder no periurbano de Galicia.

## 4- OBXECTIVOS

Un dos principais obxectivos do traballo lingüístico no centro é acadar que cando menos, os nenos e nenas galegofalantes non perdan a oralidade na súa lingua por mor da situación socio-lingüística da contorna e do centro, e que máis ben, todos os membros da comunidade educativa poidan falar con orgullo na lingua propia de Galicia.

Outro dos retos a conseguir é o de equiparar a adquisición de competencias lingüísticas nas dúas linguas cooficiais de Galicia, actualmente en claro retroceso por parte do idioma galego.

Atendendo a cada un dos sectores da Comunidade Educativa, establecemos os seguintes obxectivos para este Proxecto Lingüístico de Centro:

#### **4.1- Contorno lingüístico do centro.**

- 1.- Coordinar a programación de actividades co Servizo de Normalización Lingüística do Concello.
- 2.- Colaborar con outros centros educativos do Concello, ANPA e outros organismos en prol da Lingua Galega.
- 3.- Solicitar da Administración Educativa liñas de axuda para a promoción do galego.
- 4.- Traballar en prol dunha escola integrada no seu contorno cultural e lingüístico.

#### **4.2- Ámbito lingüístico do centro.**

- 1.- Fomentar e impulsar o uso oral e escrito do galego en todas as actividades do centro.
- 2.- Traballar na normalización do galego na vida diaria do centro por parte de toda a comunidade educativa.
- 3.- Asesorar á comunidade educativa para mellorar a súa competencia lingüística en galego.
- 4.- Colaborar co Equipo da Biblioteca, de Actividades Extraescolares e Complementarias na preparación e no desenvolvemento do proxecto do centro, das festas tradicionais, na realización de exposicións, xogos,... para dar a coñecer aspectos propios da nosa cultura e tradicións como son: O Samaín, Entroido... e outras actividades do centro.
- 5.- Usar e fomentar a presenza das novas tecnoloxías como instrumento para a comunicación e a difusión das actividades en prol da Lingua Galega.

#### **4.3- Ámbito do profesorado.**

- 1.- Concienciar ao profesorado para que trate de descubrir e eliminar no alumnado calquera tipo de prexuízo lingüístico.
- 2.- Implicar a todo o profesorado do centro no proceso de normalización e dinamización lingüística.

- 3.- Facilitar ao profesorado o material e a información que este demande.
- 4.- Colaborar con outros grupos docentes do centro (Comisión de Coordinación Pedagóxica, Ciclos, Actividades Complementarias...) co fin de que se teña en conta a Cultura e a Lingua Galega para levar a cabo actividades colectivas, así como para recoller propostas e iniciativas tanto a nivel individual como procedentes dos distintos grupos.
- 5.- Dar prioridade no ensino do galego á expresión, reforzando a súa dimensión comunicativa e dándolle protagonismo á oralidade.
- 6.- Tentar integrar a planificación lingüística do centro en todos aqueles proxectos e plans que os diferentes equipos docentes desenvolvan: proxecto lector, plan das Tics, proxectos a desenvolver a nivel centro.
- 7.- Colaborar cos Equipos de Dinamización da Lingua Galega doutros centros ou institucións para compartir materiais, experiencias e actividades.

#### **4.4-      Ámbito do alumnado.**

- 1.- Crear no alumnado actitudes positivas cara a propia lingua, desterrando calquera tipo de prexuízo lingüístico do seu entorno familiar ou social.
- 2.- Promover o uso do galego entre alumnos e alumnas, dos alumnos cos profesores/as nos recreos, nas actividades extraescolares, nos servizos educativos de conciliación (bos días, comedor, tardes divertidas...)
- 3.- Aproveitar os coñecementos lingüísticos das nenas e nenos galegofalantes, de xeito que sirvan de modelo e apoio aos outros falantes. Tamén con outros idiomas.
- 4.- Adquirir vocabulario en lingua galega.
- 5.- Investigar o pasado sociolingüístico familiar no caso de familias galegas.
- 6.- Coñecer situacións lingüísticas semellantes nos países de orixe dos nenos e nenas de fóra.
- 7.- Investigar a orixe dos apelidos, a toponimia dos lugares significativos para eles...

8.- Fomentar e facilitar a lectura de libros en galego a través da biblioteca de aula e da biblioteca do centro.

9.- Incentivar á composición escrita en lingua galega a través dos contos, cómics, redaccións...que logo se seleccionarán para publicar na revista do colexio.

10.- Estimular a busca de información por distintas canles (biblioteca, avós, pais, internet...) de aspectos relacionados co Patrimonio, Cultura, Historia e Etnografía do pobo galego, para promover o coñecemento da realidade galega.

11.- Facilitar a asistencia ao Centro de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e persoeiros relevantes da escena pública que promovan a lingua e cultura galegas motivando e concienciando así ao alumnado no emprego da mesma.

12.- Concienciar e potenciar no alumnado que cando un relator, escritor, ilustrador... se dirixan a eles en galego utilicen esta lingua para falar co seu interlocutor.

13.- Garantir unha oferta de materiais didácticos en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe.

14.- Estudar as tradicións populares galegas, como parte da nosa cultura.

#### **4.5-      Ámbito das familias.**

1.- Concienciar ás familias das vantaxes de aprender linguas.

2.- Redefinir que é o plurilingüísmo.

3.- Explicar os procesos de adquisición de varias linguas.

4.- Dar a coñecer situacións, persoeiros e experiencias que rachen os prexuízos.

5.- Convencer as familias para que os fillos lles axuden no coñecemento do galego (galegofalantes: aprender normativa; de fóra: aprender galego...)

6.- Promover un ambiente cálido nas titorías que nos leve ao achegamento entre diferentes posturas cara a aprendizaxe da nosa lingua.

## 5- LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

Malia o diagnóstico do estudo, aparentemente desfavorable para o galego, a recuperación de terreo para a lingua entre os nenos e nenas do Agro é posible, xa que temos puntos fortes dos que poder tirar proveito.

Ao noso favor contamos que, máis da metade das familias do CEIP Agro do Muíño manteñen o galego en maior ou menor medida: un cuarto das familias son galegofalantes e aproximadamente a metade son bilingües. O centro conta ademais cun profesorado implicado, que permitirá elaborar o noso plan lingüístico a partir dun diagnóstico da situación fiable.

Existen unha serie de posibilidades de carácter xeral encamiñadas á consecución dunha maior competencia en comunicación lingüística. Entre elas, cabe citar:

✓ **Actividades complementarias e extraescolares.** Considerámolas un medio ideal para introducir ao alumnado na vida do centro, para mellorar a convivencia, para aportar unha dose de pracer na aprendizaxe... Polo tanto, é necesario tratar de implicar ao alumnado con pouca competencia en comunicación lingüística en galego nas actividades organizadas dende os Equipos de Dinamización da Lingua Galega, de Biblioteca, de Actividades Complementarias e Extraescolares. Entre elas:

- Participación nos concursos, exposicións e/ou festivais que se vaian celebrando ao longo do curso (elaborar redaccións, falar en público...)

- Asistencia a viaxes culturais, concertos, obras de teatro, exposicións, proxeccións de películas, ...

- Representación de obras de teatro, musicais, presentacións, recitado de poemas...

- Elaboración de material que se incluírá no blog da biblioteca.

- Participar nas actividades que se propoñen dende a campaña de fomento de uso do galego, que cada ano elabora o EDLG.

✓ **Actividades organizadas pola ANPA e o Concello:** de diferente índole tanto de espectáculos, como literarios ou medio-ambientais, potenciando ademais que os monitores das actividades extraescolares e de conciliación

ofertadas polos dous organismos, se expresen en lingua galega no desenvolvemento das mesmas xa que eles tamén son un referente para os máis pequenos.

- ✓ **Actividades coas familias:** a través da actividade Faladoiros no Muíño os pais/nais/avós/avoas... que o desexen poden vir contar as súas experiencias relacionadas co tema documental anual correspondente a cada curso. Tamén participan na recollida de xogos tradicionais, lendas, cantigas..., na elaboración de receitas de cociña e decoración de cabazas e espigas de millo.

Tamén participan activamente en actividades moi interesantes tratando temas transversais ou relacionados co currículo (Primeiros auxilios, educación para a saúde, medio ambiente...)

O centro oferta diferentes charlas/coloquios de interese educativo e didáctico dirixidas ás familias usando o noso idioma como lingua vehicular.

- ✓ **Materiais didácticos.** Proporcionar información ao profesorado sobre materiais diversos que permitan incrementar a docencia en lingua galega, en todos os formatos posibles.
- ✓ **Materiais audiovisuais.** Empregaranse para aquelas actividades nas que sexa posible a súa inclusión (audición de poemas, de obras musicais, películas...)
- ✓ **Música galega.** Dende as clases de música, traballaranse temas tradicionais galegos de xeitos diferentes (cancións, danzas, xogos, ...)
- ✓ **Campaña de fomento da lectura.** Participación nas actividades propostas polo Equipo de Biblioteca, dentro da Campaña para o fomento da lectura que vimos desenvolvendo dende o curso 2009-2010 (o traballo xira arredor dun tema que se decide ao comezo do curso escolar). A través da mesma, o alumnado manexará material bibliográfico individual ou en grupo, fará unha posta en común do aprendido, elaborará traballos propios, ...
- ✓ **Formación de usuarios da Biblioteca.**

Incidirase no coñecemento da Biblioteca (distribución de espazos, coñecemento da CDU (clasificación decimal universal), localización de libros, manexo de diferentes fontes de información, ...)



- ✓ **Uso das TICs.** Utilización das novas tecnoloxías para as actividades que nolo permitan, consultaranse e incluíranse contidos na páxina web e nos distintos blogs. Nos niveis de 5º e 6º potenciarase a través do Programa Edixgal.
- ✓ **Coñecemento da lexislación vixente.** Actualización da lexislación, que estea en vigor relacionada coas lingua, a toda comunidade educativa.
- ✓ **Proxectos anuais e plurianuais.** Cada curso o Equipo de dinamización da lingua elabora un plan anual que pode consultarse no Plan Xeral Anual do centro publicado na web do centro.

- Actividades plurianuais. Son aqueles proxectos ou actividades desenvolvidas en cursos anteriores aos que lle desquere dar continuidade:

- Proxecto lector

- Celebración do Magosto e Samaín.

- Día da violencia de xénero

- Celebración do Día da Paz

- Día de Rosalía, unha conmemoración moi significativa para o centro. En colaboración co Concello trátase en profundidade, dada conexión que ten o Ames e en concreto a parroquia de Ortoño, con esta figura literaria tan importante nas nosas letras.

- Celebración do Entroido.

- Día internacional da muller.

- Celebración das Letras Galegas.

- Concurso de Adiviñas.

- Concurso de postais do Nadal.

- Concurso da palabra quincenal.

- Recuperación de tradicións(o Apalpador, xogos populares, cabazas e espigas de millo...)

- Obradoiro de adquisición de vocabulario: "Xogando coas palabras".

Actividades anuais. Neste apartado incluímos aqueles proxectos que non foron traballados e se desenvolverán ao longo do curso:

- Proxecto documental de todo o centro que parte do Equipo da Biblioteca Escolar (cada curso escolar) Dende o EDLG organízanse actividades en relación co proxecto, xunto co equipo da biblioteca, das Tics e actividades extraescolares e complementarias.
- Dinamización do blog do EDLG
- Colaboración no proxecto de centro (Voz Natura)
- Dinamización da lingua galega (Normalización e normativización)

## **6- ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE EMPREGADAS PARA QUE O ALUMNADO DE EI ADQUIRA O COÑECEMENTO DAS DÚAS LINGUAS**

Segundo se dispón no Decreto 79/2010 do 20 de maio para o Plurilingüismo do ensino non universitario de Galicia, na etapa de Educación Infantil o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa.

O criterio para determinar a lingua vehicular será:

- Resultado da enquisa sobre a lingua materna realizada na admisión.
- Entrevista inicial coas familias.

A enquisa deu como resultado arredor dun 50% no uso das linguas.

De cara a facilitar a aprendizaxe das dúas linguas, adoptaremos as seguintes medidas:

- Uso equilibrado das linguas castelán-galego.
- Atención preferente na lingua materna.

- Participación nas actividades que se realicen co resto do alumnado do centro e coas que se pretende fomenta-lo emprego da lingua galega.

En Educación Infantil a aprendizaxe da lingua é un proceso global, que atinxe todos os momentos educativos.

Algunhas das actividades para o desenvolvemento da competencia lingüística nas dúas linguas, tendo en conta que esta competencia está referida ao uso por parte do neno/a das catro destrezas da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir, son as seguintes:

- Os rituais diarios : a asemblea, o tempo de diálogo e a planificación das tarefas ao comezo do día.
- Xogos interactivos nos que teña que responder ou continuar.
- A creación das normas da clase.
- Cancións e retrosos.
- Buscamos información en libros sobre o proxecto que estamos a traballar.
- Lemos tarxetas de vocabulario e vemos fotos relacionadas co proxecto.
- Facemos unha lista enumerativa de palabras relacionadas cun tema.
- Descrición de obxectos, persoas e situacións.
- Aprendemos e escribimos receitas.
- Programa PELO: estimulación da linguaxe oral.
- Contacontos e concertos musicais en lingua galega.
- Lectura e escoita de contos (Faladoiros no Muíño) con especial incidencia na literatura dos nosos días.
- Traballamos elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións: oficios, xogos populares, festas como o magosto, Samaín, entroido...)
- Promoción do uso do galego nos espectáculos, celebracións, charlas, circulares...
- Colaboración coas institucións locais para organizar e participar en actividades conxuntas (día de Rosalía, Letras Galegas...)
- Contribución a que cada vez máis se estenda o uso do galego nas Tics.

- Intercambio xeracional con representacións teatrais de contos no Centro de día de Bertamiráns.

## 7- LINGUA NAS QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Na Educación primaria o centro determinou, en cumprimento do indicado no Decreto 79/2010, a seguinte distribución de idiomas e áreas por materia e nivel. Seguindo as indicacións da Administración e a normativa aplicable, o material e libros de texto estarán na mesma lingua na que se imparta a docencia en cada área.

Áreas		Cursos					
		1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura		4	4	4	4	4	3
Lingua castelá e literatura		4	4	4	4	4	3
Matemáticas		5	5	4	4	5	5
Ciencias sociais		3	2	3	2	2	3
Ciencias da natureza		2	2	2	2	2	2
Lingua estranxeira							
Educación artística	Música	1	1	1	1	1	1
	Plástica	1	1	1	1	1	1
Educación física		2	2	2	2	2	2
Relixión/ Valores sociais e cívicos		1	2	1	1	1	1
Libre configuración						Inglés	Inglés
<b>TOTAIS</b>		12/11	11/12	12/10	11/11	12/10	10/11

 Galego

## 8- MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN.

Nos casos nos que un alumno/a non teña o suficiente dominio lingüístico nas linguas oficiais levaranse a cabo unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a correcta competencia lingüística. Farase unha avaliación inicial da competencia lingüística do alumno cando chegue ao centro, e contarase coa

colaboración das familias, que serán informadas puntualmente, e demais membros do Equipo de Nivel.

No plano organizativo, teremos en conta os seguintes criterios:

- O alumnado inmigrante e estranxeiro integrarase nas aulas correspondentes, á espera de ser avaliado o seu grao de coñecemento dalgunha das linguas oficiais.
- Determinación polo orientador/a do centro, da necesidade de recibir unha atención específica, ou no seu caso unha adaptación da programación para o logro paulatino das competencias lingüísticas nas linguas oficiais.
- Apoio individualizado na aula do titor ou titora, utilizando no inicio da súa escolarización preferentemente unha das linguas cooficiais onde se sinta con máis soltura o alumno/a e progresivamente introducilo no uso das demais linguas do currículo .
- O profesorado prestará especial atención as dúbidas de comprensión idiomática que presente o alumnado, tanto no referido ás explicacións do persoal docente como as que resultan da lectura de textos e realización de exercicios ou actividades.
- Flexibilización dos contidos curriculares.
- Atención individualizada por parte de diferente profesorado do centro que realiza funcións (sempre que o horario o permita) de reforzo educativo.
- Fomentar a súa integración e interacción co grupo-clase.
- Se cursa 5º ou 6º de Primaria poderá estar exento da lingua galega ata dous cursos.

Por outra parte, entendemos que deberemos traballar os aspectos máis formais na primeira lingua, centrándonos máis na oralidade e nos aspectos máis informais e funcionais nas outras linguas. Isto suporá:

- Dar maior importancia ás **destrezas orais**.
- Utilización de **textos da vida cotiá**.
- Intentar que sempre estea presente o **enfoque comunicativo**.

- Integra-la utilización das **TICs nas tarefas** habituais.

Utilizarase como lingua vehicular o galego ou o castelán en función da que resulte máis próxima ou que represente unha menor dificultade para o uso no ámbito familiar. A decisión adoptarase consultando coa familia e de acordo coa mesma.

## **9- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN.**

Segundo o Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o Plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14º). Previamente, realizarase unha valoración desta na Comisión de Coordinación Pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do Claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que se tiren expoñeranse no consello Escolar, quen como xa indicamos aprobará o Proxecto Lingüístico.

Cada curso escolar faranse as addendas correspondentes e ademais notificarase:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso.

Este Proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo da inspección educativa.

## **10- COMISIÓN DO PROFESORADO QUE ELABOROU O PROXECTO.**

Tal como indica no artigo 14º do Decreto 79/2010, o Proxecto Lingüístico será redactado por unha comisión nomeada polo equipo directivo.

Na comisión que elaborou este proxecto figuran representantes dos diferentes Equipos de traballo, as especialistas en linguas e as etapas de Infantil e Primaria.

- M<sup>a</sup> Dolores Carracedo Durán: coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e especialista de inglés.
- M<sup>a</sup> Carmen Liñares Liñares: directora, especialista de inglés e membro do equipo de Biblioteca.
- Carina Jacqueline Sir Balsa: Coordinadora das TICS e especialista de inglés.
- Alicia Miguéns Otero: especialista de educación física e membro do equipo de Actividades complementarias e extraescolares.
- Mercedes Moure Beiroa, especialista de Infantil e membro do equipo de Dinamización da Lingua Galega.

## 11- APROBACIÓN DO PROXECTO

ANA M<sup>a</sup> RODRÍGUEZ BEIRO, como secretaria do CEIP AGRO DO MUÍÑO,

CERTIFICA,

Que este Proxecto Lingüístico do Centro recibiu a conformidade do Claustro de mestres/as e a aprobación do Consello Escolar o 18 de febreiro de 2019.

Ortoño, a 18 de febreiro de 2019

Vº e praxe a directora

Secretaria




M<sup>a</sup> Carmen Liñares Liñares

Ana M<sup>a</sup> Rodríguez Beiro